



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/53	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de novembro de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:18 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretaria accidental	MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 20 de novembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 20 de novembro de 2017.

Expediente 7237/2017. Solicitud pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por V. P. M., en calidade de administradora da comunidade de propietarios "EDIFICIO SIERRA NACIENTE GARAJES", sito no Camiño da Choupana, nº 15-Darbo, para a instalación de un sinal de pasaxe permanente na entrada do garaxe do referido edificio, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 7235/2017. Solicitud renovación pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por V. P. M., en calidade de administradora de fincas da comunidade de propietarios "EDIFICIO AZUL", sito na Avda. de Bueu, nº 40-Darbo, solicitando renovación de sinal de pasaxe permanente instalado no referido lugar, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o número do referido sinal e á concesión dun número novo.

Expediente 5396/2017. Licenza urbanística



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5.396/17- Outorgar licenza de obras a F. M. R., con enderezo en rúa Boisaca, nº1-Santiago de Compostela, para no lugar de Chamiceira, nº 58-O Hío, para construír unha piscina de 31,08 m² e muros de contención, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico S. G. F., visado en data agosto de 2017. O presuposto de execución material ascende a seis mil cincocentos oitenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (6.585,26 €).</p>	

Expediente 6110/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 6110/2017.- A H. A. M. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Marqués de Valterra, nº 16-1º esquerda-Vigo, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, modificación da licenza de obras nº 22.354, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. D. G., visado o 08.09.2017. Deberá formalizar perante o Catastro a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a trinta e cinco mil cincocentos euros (35.500,00 €).</p> <p>A cesión para a ampliación de vieiro municipal efectuouse ca licenza nº 22.354 en data 18 de febreiro de 2010.</p> <p>Acéptaselle o aval depositado en "Abanca" por importe de mil cento trinta e nove euros con noventa e dous céntimos (1.139,92 €), para respostar polas obras de urbanización.</p>	

Expediente 6834/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº (6.834/17).- Outorgar a M. B. B., con enderezo na Avda. de Pontevedra, nº 12-Portonovo-Sanxenxo., licenza para construír un muro de contención de terras de 30,87 m³., no lugar de Estrada de Aldán, nº 7-Cunchido-Darbo, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J. P. Y., de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil dezaioito euros con doce céntimos (5.018,12 €).</p>	

Expediente 2579/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2.579/17.- Outorgar a S. S. M., con enderezo na Avda. de Ourense, nº 11-Cangas, para no lugar de Camiño das Furnas-O Cunchido-Darbo, licenza de legalización dunha piscina de 53,85 m²., e un muro de contención de 25,65 ml., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto J. R. L., visado o 28 de agosto de 2017, dando cumprimento ás</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de datas 5 de outubro e 3 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cento vinte euros con setena e nove céntimos (8.120,79 €).

Expediente 3427/2017. Licenza obra menor

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3427/17.- A "TELEFONICA DE ESPAÑA SAU", con domicilio a efectos de notificacións en rúa Urzáiz, nº 131-133-4º andar-Vigo, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para execución de 10 metros de canalización subterránea, no lugar do Igrexario, nº 1-2-O Hío, de conformidade coa documentación presentada, cun presuposto de execución das obras que ascende a cincocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos (574,32 €), de acordo coas condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 3 de novembro de 2017 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Telefónica de España, SAU", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 7217/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 7.217/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MOCALVA SL", para a instalación de valla publicitaria no lugar de Avda. Bueu, nº 18-Cangas, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos cincuenta euros (950,00 €).

Expediente 6725/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.725/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. P., para reparación de cuberta da vivenda nunha superficie de 86,65 m²., no lugar de Palomar, nº 20-San Pedro-Darbo, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Francisco Mallo Lagoa, de data outubro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil cento noventa e nove euros (5.199,00 €).

Expediente 6600/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6600/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por O. P. H., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Pardiñeiro, nº 18-O Hío, para substitución de cuberta e pintado de fachada da vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cincocentos corenta e seis euros con setenta e sete céntimos (8.546,77 €).

Expediente 6437/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6437/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por L. F. O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Donón, nº 3-O Hío-Cangas, para cambio de material de cubrición de edificacións adxetivas sitas no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscentos oitenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (3.682,56 €).

Expediente 6758/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6758/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por H. L. B., con enderezo a efectos de notificacións no lugar das Barreiras, nº 24-Vilanova-O Hío, para reparacións exteriores en vivenda (reparacións fachadas e pintado aleiros) sita no referido

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil setenta e dous euros con dez céntimos (3.072,10 €).

Expediente 7005/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7005/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. O. O., con enderezo a efectos de notificacións no lugar de Liméns, nº 39-A-O Hío, para reparación e tratamento exterior de dúas fachadas da edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil oitocentos vinte e seis euros con dez céntimos (4.826,10 €).

Expediente 5524/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5524/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por I. M. G. A., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Méndez Núñez, nº 10B-2º-Cangas, para reparación de fachada cara á rúa Fonte Ferreira, nº 1-Cangas, de edificación existente sita en rúa O Hío/ Esquina Fonte Ferreira, nº 1, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactado polo arquitecto J. R. L. de data 21.08.2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil cento trece euros con oitenta e cinco céntimos (1.113,85 €).

Expediente 3738/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3738/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. A. L., con enderezo a efectos de notificacións en rúa das Pontes, nº 47-Darbo, para cambio de cuberta en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil douscentos corenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (16.245,88 €).

Expediente 3032/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.032/17. APERTURA Nº 3.325/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "UTE GESTION CANGAS", para acondicionamento de local para oficina nunha superficie de 120,45 m2., no lugar de rúa Cuba, nº 2-2º-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta técnica P. V. P., de data maio de. O presuposto de execución

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

das obras ascende a oito mil douscentos setenta e seis euros con corenta e nove céntimos (8.276,49 €).

Expediente 6224/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6224/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. V. V. G., con enderezo a efectos de notificacións no lugar de Gandón, nº 6-Aldán, para reparación e tratamento exterior das fachadas e reparación da cuberta da edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e sete céntimos (3.837,57 €).

Expediente 7228/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7228/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LA GUARDIA, 3", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 21-1º esquerda, Cangas, para substitución de material de cubrición en cuberta e pintado de fachadas de patio de edificio sito en rúa A Guarda, nº 3- Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a quince mil douscentos euros (15.200,00 €).

Expediente 7039/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7039/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. P., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Unión, nº 53–O Igrexario–O Hío, para cambio de estrutura de cuberta de vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil novecentos euros (5.900,00 €).

Expediente 7066/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua (supostos da Lei 9/2013, de 19 de decembro)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7066/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "CHALE DE CANGAS SL", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Marín, nº 20-baixo-

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Cangas, para comercio polo miúdo de venda e degustación de artigos de panadería no local sito na Avda. de Marín, nº 120-baixo, segundo o informe favorable do arquitecto de data 22 de novembro de 2017.

Expediente 4772/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4772/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por Á. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en Aldea de Arriba, nº 101-Coiro, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo no local sito en rúa Ferrol, nº 8-baixo-Cangas, que ata agora rexentaba I. G. B., vista a acta de inspección favorable do arquitecto de data 8 de novembro de 2017.

Expediente 7138/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7138/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. Á. D., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Doutor Antón Beiras, nº 27-3°C-Vigo, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de roupa de nenos/nenas na Avda. de Marín, nº 6-baixo-Cangas, que ata agora rexentaba M. R. P., segundo o informe favorable do arquitecto de data 22 de novembro de 2017.

Expediente 1152/2017. Infracción urbanística nº 44/2016 (MANUEL PAZ CURRA)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Gondarán-Coiro, consistentes en: realizar unha edificación de superficie aproximada 20 m²., de planta baixa arrimada a lindeiro.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 2 de xuño do 2017 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación SNUA.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M. P. C., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos

Concello de Cangas



Concello de Cangas

lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M. P. C., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente.

Expediente 7355/2017. Dación de conta: A) Informe s/remate e peche da 11ª Fase de actuacións do Plan de Vivenda 2013/2016 (novembro 2017); B) Informe s/cantidades finais das actuacións rehabilitadas do Casco Histórico de Cangas (anualidade 2017)

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar e tomar coñecemento dos informes emitidos en datas 22 e 23 de novembro do ano que andamos, pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referentes ás actuacións do Plan de Vivenda 2013/2016 e ás actuacións rehabilitadas do Casco Histórico no ano 2017, que son como seguen:

“INFORME

REMATE E PECHE DA 11ª FASE

Primeiro.- En data 27.10.2015 asínase acordo da Comisión Bilateral (R.d. 233/2013, de 5 de abril), referente a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Cangas, segundo o Plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016-ANUALIDADE 2015), no que se concedeu actuacións para 15 vivendas.

Segundo.- No BOE nº 298 de 10 de decembro de 2016, publicouse o Real decreto 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga durante un ano o citado Plan Estatal 2013-2016, como consecuencia da prórroga aprobada polo citado Real decreto as actuacións suxeitas ao acordo da Comisión Bilateral de 27 de outubro de 2015 poden executarse ao longo do exercicio 2017, sempre coa data límite de execución e xustificación de 30 de novembro de 2017.

Terceiro.- Ningunha das solicitudes recibidas foi excluída.

Cuarto.- Para a 11ª Fase foron aceptadas 15 actuacións, ao día da data, das 15 actuacións tramitadas ao remate da fase cumpriron obxetivos e remataron as 15 actuacións, segundo as condicións establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado.

O orzamento total protexido para as 15 actuacións aceptado pola Consellería de Vivenda e Solo era de douscentos vinte e un mil cincocentos setenta e un euros con corenta e catro céntimos (221.571,44 €) para rehabilitación; vinte e oito mil cincocentos setenta e un euros con corenta e catro (28.571,44 €) para urbanización e reurbanización. O custo total das actuacións establécese en douscentos sesenta e oito mil douscentos euros con tres céntimos (268.200,03 €), que inclúe dezaoto mil cincuenta e sete euros con quince céntimos (18.057,15 €), para financiar os gastos do equipo técnico de xestión.

Quinto.- Segundo o anteriormente exposto dase por finalizada a FASE 11ª e achégase para a súa aprobación a táboa de peche da 11ª Fase, cos datos económicos definitivos dos beneficiarios das axudas”.

“INFORME

Asunto: 11ª FASE.- *Finais de obra das actuacións rehabilitadas do Casco Histórico de Cangas, ANUALIDADE 2017 (Prórroga RD 637/2016, de 9 de decembro)*

Con base a que no BOE nº 298 de 10 de decembro de 2016, se publicou o Real decreto 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga durante un ano o citado Plan Estatal 2013-2016, como consecuencia da prórroga aprobada polo citado real decreto, as actuacións suxeitas ao acordo da Comisión Bilateral de 27 de outubro de 2015 poden executarse ao longo do exercicio 2017, sempre coa data límite de execución e xustificación de 30 de novembro de 2017.

Pola presente remitimos os finais das obras realizadas no Casco da 11ª Fase, durante o ano 2017, para a súa



aprobación pola Xunta de Goberno Local para remitilos á Consellería de Vivenda e posteriormente levar a cabo a tramitación dos pagamentos das axudas:

Nº EXPEDIENTE	PROPIETARIO	SITUACIÓN OBRA	Fomento	Subv. Concello
P-AR-0016/16	Gemma, S.L.	Pablo Iglesias, 10-Baixo cuberta	6.000,00 €	2.175,45 €
P-AR-0017/16	Gemma, S.L.	Pablo Iglesias, 10-2º	6.000,00 €	2.175,45 €
	TOTAL		12.000,00 €	4.350,90 €".

Expediente 4195/2017. C-17/12. Proposta de adxudicación definitiva do contrato de obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vías municipais do Concello de Cangas'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL' (MARCONSA), por resultar esta a oferta economicamente a mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 13688 do día 21.11.2017) a documentación requirida relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificante do pago do anuncio de licitación (sesenta e oito euros con vinte céntimos (68,20 €)) e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de cinco mil dezaioito euros con vinte céntimos (5.018,20 €), mediante aval de entidade financeira.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL', o contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vías municipais', por importe de cento vinte e un mil catrocentos corenta euros con corenta e nove céntimos (121.440,49 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- O prazo máximo de execución da obra é de 6 meses contados desde o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra.



Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532/61905 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL' (MARCONSA), a adxudicación do contrato e citar ao seu representantes para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsable do contrato á aparelladora municipal C. G. C., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante e o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Noveno.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como á responsable do contrato".

Expediente 6989/2017. Nomeamento directora de obra e aprobación dos plans de seguridade e saúde das obras: Pavimentación tramo Alvaro Guitián; obras de reparación Cemiterio de Coiro; e obra de reparación Pavillón do Ceip Castrillón-Coiro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DE NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN DE OBRA E PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE

1º.- Visto a necesidade de nomear directora de obra e aprobar por parte da Xunta Local de Goberno os plans de seguridade e saúde das obras: Pavimentación tramo Alvaro Guitián; Obras de reparación cemiterio de Coiro; e Obra de reparación pavillón do Ceip Castrillón-Coiro.

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo por urxencia:

Primeiro.- Aprobación do nomeamento de directora das obras citadas a M. I. M., arquitecta municipal de Cangas.

Segundo.- Aprobación dos plans de seguridade e saúde das obras de "Pavimentación tramo Álvaro Guitián, Reparación Cemiterio de Coiro e Pavillón do Ceip Castrillón-Coiro".



Expediente 7300/2017. Adhesión ao protocolo de colaboración para o impulso da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA

TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ, CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

PROPÓN

A aprobación da adhesión ao protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral de Igualdade) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o impulso da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e para promover a constitución ou activación das Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero".

Expediente 7240/2017. Dación de conta da axuda concedida mediante o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Primeiro.- Dación de conta á Xunta de Goberno Local que en data do 7 de novembro de 2017 se asina o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a realización de programas de atención e protección da saúde para o ano 2017, correspondéndolle ao Concello de Cangas a cantidade de douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €).

Segundo.- Dar traslado do acordo á Intervención Municipal, Unidade de Atención de Drogodependentes (UAD) e Subvencións".

Expediente 4608/2017. Aceptación da axuda concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade



Autónoma de Galicia (Urxencia)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte: <i>"PROPOSTA DA ALCALDÍA</i> <i>Vista a Resolución do conselleiro de Sanidade de data do 16 de novembro de 2017, de concesión de axuda ao abeiro da Orde de 26 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, propono á Xunta de Goberno Local:</i> <i>Primeiro.- Aceptar a axuda concedida polo importe de trinta e sete mil cincocentos sesenta e catro euros con trinta céntimos (37.564,30 €), para o cofinanciamento do proxecto de prevención de condutas adictivas presentado polo concello para as anualidades 2017, 2018 e 2019, de conformidade ao seguinte desglose por anualidades:</i> <i>- Anualidade 2017: nove mil trescentos noventa e un euros con oito céntimos (9.391,08 €).</i> <i>- Anualidade 2018: dezaooito mil setecentos oitenta e dous euros con quince céntimos (18.782,15 €).</i> <i>- Anualidade 2019: nove mil trescentos noventa e un euros con sete céntimos (9.391,07 €).</i> <i>Segundo.- Dar traslado do acordo á Intervención Municipal, Prevención e Subvencións".</i>	

Informe da Policía Local da problemática co tráfico na subida ao Palomar (Local de Ensaio de Cima de Vila) (Urxencia)
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte informe emitido pola Policía Local en data 13.04.2017, que é como segue: <i>"Nº Ref.: 446/17</i> <i>ASUNTO: PROBLEMÁTICA CO TRÁFICO NA SUBIDA AO PALOMAR EN SAN PEDRO (LOCAL DE ENSAIOS DE CIMA DE VILA).</i> <i>Os policías locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:</i> <i>Que sendo as 19:45 horas do venres 31 de marzo de 2017, recibíuse chamada telefónica dun veciño de San Pedro, o cal manifesta que xa tiña chamado noutras ocasións polos mesmos feitos. Os feitos en cuestión son motivados pola presenza dun número importante de vehículos nos arredores do local de ensaios de Cima de Vila, coincidindo sempre cos venres.</i> <i>Ao parecer, os condutores dos vehículos que suben ou baixan pola rúa se atopan co atranco dos vehículos que ocupan parte da zona de tránsito e imposibilitan o paso de dous vehículos ao mesmo tempo, ocasionándose atascos e protestas dos condutores.</i> <i>Achegados ao lugar comprobamos que quedaban varios vehículos estacionados polos arredores,</i>



Concello de Cangas

se ben xa non había problema coa circulación.

Parece ser que os venres hai varias actividades no local de ensaio que atraen a un número importante de persoas o cal leva consigo a presenza de vehículos nun número superior ao habitual.

Feita unha inspección da zona, consideran, para paliar en parte o problema, que se poderían implantar sinais de tráfico (verticais ou horizontais, ou as dúas) para prohibir o estacionamento nun dos carrís de circulación, así como prohibir o estacionamento nos lugares de maior perigo, como pode ser na curva e cambio de rasante que hai uns metros mais arriba do citado local de ensaios".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850